

PROXECTO EDUCATIVO

REVISIÓN Nº : DATA:

CEIP PLURILINGÜE DE VILAXOÁN

O proxecto educativo de centro recollerá os valores, obxectivos e prioridades de actuación.

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO:

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO:

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

A táboa de contido da páxina seguinte actualízase automaticamente. Desenvolver os puntos que están a partir da páxina 3 inserindo o texto despois de cada un deles. Ao remate do documento actualizar a táboa de contido co botón dereito.

ÍNDICE

1. ANÁLISE DO CONTEXTO.....	6
1.1. RESUMO HISTÓRICO.....	6
1.2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA.....	7
1.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.....	8
2. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE.....	8
3. O CENTRO.....	9
3.1. INSTALACIÓNS.....	10
1. Doce aulas titorías.....	10
2. Aula de Pedagogía Terapéutica.....	10
3.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO.....	10
3.3. OFERTA EDUCATIVA, ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS.....	10
3.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	11
3.5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	12
3.6. PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO.....	12
4. OBXECTIVOS.....	12
4.1. VALORES DEMOCRÁTICOS DO CENTRO.....	12
4.2. OBXECTIVOS QUE SE DESENVOLVEN.....	13
5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.....	16
5.1. ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS.....	16
5.2. ÓRGANOS COLEXIADOS.....	16
5.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.....	17
5.4. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS.....	17
6. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO.....	18
7. AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.....	18

INTRODUCCIÓN E MARCO LEGAL:

O presente documento ten unha base legal que o regula e que o centro concreta e adapta á súa realidade:

➤ A **ideoloxía** propia do centro é coherente con:

- A Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948
- A Constitución Española de 1978
- Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981

➤ Os **aspectos** educativos están regulados por:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Lei Orgánica 8/1985 reguladora do Dereito á Educación.

➤ O **funcionamento** do centro está regulado por:

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro. Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 28 de xuño de 2010 pola que se modifican parcialmente as ordes do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento, do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e

Ordenación Universitaria, e do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.

- Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centropúblicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados.

-Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia.

- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.

- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regula a actividade das persoas auxiliares de conversa que realizan o seu labor en centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

- Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se ruga a axornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que impartan ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 maio, de Educación.

➤ A **avaliación** está regulada por:

- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implementación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo da EI na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito á obxectividade na avalaiación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción, e obtención do título académico que corresponda, en Educación Infantil, Educación Primaria, ESO e Bacharelato

- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de Educación Primaria, ESO e Bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- A **orientación** está regulada por:
 - Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
 - Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Os **aspectos curriculares** están regulados por:
 - Real decreto 1630/2006 polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de educación infantil.
 - Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da EP.
 - Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Orde do 29 de maio de 2013 pola que se determina o período de vixencia dos libros de texto e demais materiais curriculares .
- Os **dereitos e deberes** están regulados por:
 - Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
 - Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar .
- A dinamización da **lingua galega** está regulada por:
 - Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

- A **admisión** do alumnado está regulada por:
 - Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
 - Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Os **recursos económicos** están regulados por:
 - Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.
- Os **servizos complementarios** de comedor e transporte están regulados por:
 - Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.
 - Real Decreto 894/2002, de 30 de agosto, por el que se modifica el Real Decreto 443/2001, de 27 de abril, sobre condiciones de seguridad en el transporte escolar y de menores.
 - DECRETO 65/2014, do 28 de maio, polo que se modifica o Decreto 160/1988, do 9 de xuño, polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

1. ANÁLISE DO CONTEXTO

1.1. RESUMO HISTÓRICO

O noso colexio é un centro público rural de Educación Infantil e Primaria inaugurado no ano 1979.

No seu inicio foi un centro moi masificado contando na actualidade con 12 unidades (3 de EI e 9 de Primaria).

A poboación escolar procede dos lugares de Faxilde, Aralde, A Lagoa, Galáns, Renza, Vilaxoán centro, Canelas, O Freixo e O Rial.

1.2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA

O CEIP Plurilingüe de Vilaxoán constitúe unha oferta de ensino público no Concello de Vilagarcía de Arousa, concentrada, sobre todo, nas parroquias de Sobradelo e Sobrán, cunha extensión de 8,4 Km² e unha poboación de aproximadamente 6500 habitantes.

A maioría da poboación é autóctona aínda que nos últimos anos estase a incrementar o número de inmigrantes na zona o cal revirte no alumnado do centro.

O noso centro localízase en plena ría de Arousa, provincia de Pontevedra, ao pé da ría entre o concello de Vilanova e Vilagarcía. Atópase a uns 8/9 Km de Cambados, a 22 de Pontevedra.

En fronte a ría vese dende o porto, a esquerda a Illa de Arousa, de fronte a provincia da Coruña (Rianxo) e cara a dereita Vilagarcía e a Illa de Cortegada.

A área de influencia do centro ten unha poboación dispersa polo que é preciso que a maioría do alumnado sexa usuario do transporte escolar.

O pobo sempre estivo ligado ao mar con fábricas conserveras e outras adicadas á salazón que hoxe están abandonadas. Tamén destaca o cultivo do mexillón nas bateas, o marisqueo a pé e a pesca de baixura. Por iso, moitas das familias do noso alumnado adicanse a estas actividades laborais.

En relación as infraestructuras e servizos culturais e sociais a zona, cabe destacar que Vilaxoán dispón de varias casas de cultura, unha axencia de lectura dependente da biblioteca municipal, unha praza de abastos, e varias instalacións deportivas entre as que destacan dous campos de fútbol e un pabellón municipal.

Respecto as asociacións atopámonos cunha coral polifónica, diversas asociacións culturais e veciñais e asociacións deportivas (equipos de fútbol, remo...).

A lingua vehicular do alumnado de Vilaxoán é maioritariamente o castelán.



1.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

A realidade socio-económica da zona fai que haxa moita variedade, sendo a maioría familias de renda media- baixa.

A meirande parte é castelán falante.

O noso primeiro obxectivo é o de proporcionar aos nosos alumnos unha formación plena, que lles permita conformar a súa propia e esencial identidade, así como construír unha concepción da realidade, que integre, á vez, o coñecemento e a valoración ética e moral da mesma. Esta formación plena ha de ir dirixida ao desenvolvemento da súa capacidade para exercer, de xeito crítico e nunha sociedade plural, a liberdade, a tolerancia e a solidariedade.

Xa que logo, pretendemos formar alumnos:

- Respectuosos/as nos seus dereitos e liberdades, e nos dos demais;
- Responsables nos seus actos, traballo e comportamento;
- Colaboradores para contribuír co seu propio esforzo á consecución de obxectivos propios e alleos.

2. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE

O Proxecto Educativo permítenos formalizar e concretar aquelas intencións dos distintos grupos que compoñen a comunidade escolar, dotar dunha identidade diferenciada ao centro e presentar aqueles valores e principios que asume a nosa comunidade.

Partindo desta premisa encontramos as **notas que caracterizan o noso proxecto** educativo:

- ✓ É unha exposición clara, concisa e breve das nosas intencións educativas, estruturas, regulamentos e deseño curricular da comunidade escolar. Polo tanto, define e dota de identidade ao centro educativo.
- ✓ É unha adecuación dos principios e estruturas educativas que consideramos axeitados por parte de todos os sectores da comunidade educativa.
- ✓ É un documento orientador e guía de todas as nosas prácticas educativas.
- ✓ É un proxecto dinámico que modificaremos en función das prácticas educativas.
- ✓ É unha creación colectiva do conxunto dos membros da comunidade educativa do centro.
- ✓ Facilitanos o traballo docente ao recoller os obxectivos específicos e a metodoloxía para alcanzalos estruturalos de maneira organizada.
- ✓ Articula os principios, orientacións e sistemas que nos serven de marco para as actividades educativas.

Conforme a isto, defínense os seguintes fins, valores e sinais de identidade:

a. Valores: Son os que van condicionar toda a actividade a realizar no colexio por todos os membros da comunidade educativa, sendo a nosa meta lograr un ensino de calidade e en liberdade, capaz de dar resposta ás necesidades formativas dos alumnos, e o desexo de contribuír ao desenvolvemento dunha educación integral. Este PE fomentará:

- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- A adquisición de actitudes tolerantes e solidarias ten no colexio un interese particular debido ás diferenzas culturais e nalgúns casos lingüísticas que son frecuentes entre o alumnado así como polos alumnos con NEAE que se escolarizan no centro.
- O esforzo individual e a motivación do alumnado.
- A educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

- O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

-O respecto polo Medioambiente.

Ademais, dos contidos transversais integrados en cada unha das áreas, consideramos prioritarios "macrovalores", os seguintes:

✓ Desenvolvemento da autonomía.

✓ Respecto a aos membros da Comunidade Educativa, á diversidade, a pluralidade cultural e lingüística, o patrimonio cultural e a saúde.:

✓ Práctica do espírito crítico.

✓ Valoración do esforzo persoal e colectivo

✓ Creación dunha imaxe real e positiva de si mesmos.

✓ Coñecemento e práctica dos aspectos que conlevan o traballo en grupo e normas que o rexen

✓ Aprecio polos valores básicos que rexen a vida e a convivencia. É intención primordial o fomento do respecto, a tolerancia, e o diálogo e a aceptación de desigualdades como valores fundamentais.

✓ Coeducación en todos os niveis.

b. Fins:

- O pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos en todos os ámbitos: persoal, familiar, social e intelectual.

- A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.

- O desenvolvemento dunha competencia lingüística plena en castelán e en galego así como a capacitación, acorde coas idades, para a comunicación en inglés.

- A adquisición dun coñecemento das culturas española e galega que posibilite aos alumnos a súa integración, como cidadáns de pleno dereito.

- A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade.

- O desenvolvemento da capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.

3. O CENTRO

3.1. INSTALACIÓNS

O centro dispón dos seguintes espazos:

1. Doce aulas titorías.
2. Aula de Pedagogía Terapéutica
3. Aula de Audición e Linguaxe
4. Aula de Música
5. Aula de Inglés.
6. Aula de Relixión
7. Aula de Arts & Crafts
8. Biblioteca
9. Departamento de Orientación
10. Despacho de dirección e secretaría
11. Sala de fotocopias
12. Sala de visitas
13. Aula Covid
14. Sala do profesorado
15. Ximnasio
16. Comedor – Salón de Actos
17. Cociña
18. Almacéns
19. Patios

Ademais o centro ten a posibilidade de utilizar en horario lectivo o pavillón municipal situado ao carón do colexio

3.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO

A xornada escolar desenvólvese durante todo o curso de luns a venres en horario continuado de 9:30 a 14:30, dividido en seis sesións:

- As tres primeiras sesións de 50 minutos.
- Un recreo de 30 minutos.
- Hora de lectura de 30 minutos.
- Dúas sesións de 45 minutos.

O profesorado completa a súa xornada laboral os martes de 16:00 a 19:00 para o desenvolvementos de diversas actividades: reunións de claustro, coordinacións de equipos e ciclos, atención as familias...

Así mesmo cada tarde, un profesor/a por quendas, realiza a garda de actividades extraescolares en horario de 16:00 a 18:00, mentres outros compañeiros/as traballan en diferentes dinamizacións.

Ademais o profesorado fai quendas de garda un día a semana de transporte de 9:00 a 9:30.

3.3. OFERTA EDUCATIVA, ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS

Ademais das ensinanzas de Educación Infantil e Primaria, o centro esta acollido aos seguintes **plans e programas**:

- ✗ Plan ARCO e PROA (programa de reforzo e orientación académica)
- ✗ Seccións bilingües e centro plurilingüe (lingua inglesa) na materia de plástica en primeiro, terceiro e cuarto de primaria.
- ✗ Plan Mellora de Bibliotecas Escolares.
- ✗ Proxecto ABALAR
- ✗ Nos últimos cursos vimos contando cun auxiliar de conversa en lingua inglesa.

Respecto da **área de influencia** do noso centro, esta abrangue: Vilaxoán, Renza, Canelas, Ferrazo, Faxilde, Aralde, Galáns, Elviño, Rial e a parroquia de Sobradelo, dende a rúa San Cibrán incluída, cara Vilaxoán.

O único **centro adscrito** é a EEI de Aralde, aínda que o Departamento de Orientación tamén atende á EEI de Solobeira. Así mesmo, o noso **centro de adscrición** para a etapa de Ensinanza Secundaria é o IES Armando Cotarelo Valledor.

3.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O centro conta con servizo de **comedor** escolar de xestión indirecta. Do servizo de comedor ocúpase unha empresa de catering contratada directamente pola Consellería de Educación. No centro a función de encargado do comedor recae na directora (en ausencia desta, na Xefa de Estudos ou mestre/a no que delegue). Para a atención dos comensais, hai unha serie de monitores contratados pola empresa de catering que se encargarán de preparar as mesas, servir a comida, recoller e fregar, así como de atender ao alumnado de educación infantil e primaria nos períodos posteriores á comida e antes do transporte ou de que as familias recollan aos nenos/as no centro.

O alumnado deberá entrar no comedor por quendas acompañado polo coidador, de xeito ordenado.

Ao rematar de comer, o alumnado transportado sairá ao patio de Infantil a agardar o transporte, xa que efectúan a saída pola cancela lateral. O alumnado que é recollido pola familia sairá pola cancela frontal.

A custodia do alumnado de comedor remata ás 15:30 h.

➤ Pagamento das tarifas de comedor:

- O alumnado será usuario gratuíto ou usuario pagador segundo a Instrución da Consellería para cada curso.

- O alumnado que debe aboar unha cantidade por facer uso do comedor, debe aportar a comezos de curso á empresa do catering, os datos da conta bancaria na que se lle vai domiciliar o pagamento das taxas a principios de cada mes.

- O importe que cada usuario deberá aboar é o resultado de multiplicar o prezo que lle corresponde polo número de días de uso do comedor cada mes.

- A familia do alumno que aboa unha taxa por facer uso do servizo de comedor; deberá comunicar por escrito ao centro o día que non vai facer uso do comedor cunha antelación mínima dun día, para que non llo cobren.

- O impagamento dun mes impedirá a utilización do comedor nos meses seguintes, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos.

- O incumprimento destas normas pode supoñer a baixa do Servizo de Comedor de forma temporal ou definitiva.

Tamén dispoñemos de **plan madrug**a xestionado polo ANPA, que funciona dende as 08:00h.

Catro liñas de **transporte** escolar recollen ao alumnado da zona de influencia do centro.

3.5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O centro oferta en horario de 16:00 a 18:00, tódolos días, agás o martes, o servizo de biblioteca.

A ANPA, á súa vez, oferta unha serie de actividades, deportivas, lúdicas e educativas e tamén, xunto á dirección do centro, a ESCOLA DE PAIS E NAIS, a través do desenvolvemento de diversos obradoiros.

Estas actividades estiveron en suspenso por mor da situación xerada pola Covid 19 e empezan a retomarse paulatinamente.

3.6. PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Para garantir o dereito do alumnado a ser avaliado con plena obxectividade, faranse públicos a través da páxina web do centro, os criterios xerais que se van aplicar para a avaliación do alumnado e a súa promoción. Para a tramitación de reclamacións contra as cualificacións, seguirase a normativa (Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en EI, EP, ESO e Bacharelato).

4. OBXECTIVOS

4.1. VALORES DEMOCRÁTICOS DO CENTRO

Os valores nos que baseamos toda actuación educativa teñen conta os seguintes principios:

- O eixe principal é a neutralidade ideolóxica como centro de titularidade pública que é. maniféstase aconfesional e renuncia a calquera tipo de adoutramento ou discriminación por razón de sexo, raza, relixión, físico, condición social, política ou económica, ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Avoga por un clima pluralista, democrático e tolerante no centro, no que exista respecto mutuo e que fomente a participación activa de todos os seus membros

- Traballa a coeducación para, acadar a igualdade de oportunidades respectando a diversidade, sen ningún tipo de discriminación e inculcando a superación dos mitos e tabús.
- Caracterízase pola procura dunha formación integral, é dicir, por una loita constante para conseguir a mellor formación posible para o noso alumnado, non só desde o punto de vista académico senón tamén como persoas.
- Fomenta un mundo solidario, responsable comprometido, co coidado do noso centro e do medio ambiente facendo especial fincapé no desenvolvemento sostible como medio para a conservación do planeta.
- A nivel académico, e tendo en conta as características do alumnado, introduce elementos de educación compensatoria que ofrecen ao alumnado posibilidades das que doutro xeito non disporían.
- A nivel lingüístico este centro caracterízase pola defensa e potenciación da lingua galega pero sempre dentro dun marco bilingüe de convivencia e respecto co castelán, que permita construír unha sociedade baseada na riqueza que supón o intercambio cultural entre as dúas linguas.
- A nivel administrativo a xestión do centro busca a transparencia de actuación, a fluidez nas relacións interpersoais, a publicidade das decisións adoptadas e o uso racional dos recursos dispoñibles, tanto humanos como materiais.

4.2. OBXECTIVOS QUE SE DESENVOLVEN

Obxectivo: Mellorar a convivencia do centro				
Acción 1	Favorecer procesos interdisciplinares e de aprendizaxe significativa traballando especialmente as competencias básicas especificadas no currículo.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Para todo o profesorado			

Responsables	Titores/as			
Recursos e materiais	Os dispoñibles para facer as clases.			
Acción 2	Promover a socialización do alumnado a través do traballo cooperativo.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Traballo en equipo			
Responsables	Todo o profesorado.			
Recursos e materiais	Os dispoñibles nas aulas.			

Obxectivo: Fomentar o gusto pola lectura				
Acción 1	Estimular no alumnado dende os primeiros niveis o coñecemento e o gusto pola lectura e pola escritura dunha maneira lúdica e motivadora.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Todo o alumnado. Sobre todo os primeiros cursos.			
Responsables	Todo o profesorado.			
Recursos e materiais	Os dispoñibles nas aulas e na biblioteca.			
Acción 2	Afondar, mediante a acción tutorial, no coñecemento de cada alumno-a e das súas circunstancias persoais e sociofamiliares, ofertándolle todos os recursos dos que se dispoñan para unha actuación educativa efectiva			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>

Indicador	Coñecemento do alumnado e familias
Responsables	Titores/as

Obxectivo: Favorecer a transición entre ciclos e etapas				
Acción 1	Favorecer a continuidade e coherencia entre Ciclos e etapas propiciando encontros e unificando criterios entre o profesorado.			
	Temporalización			
	1º Ano <input type="checkbox"/>	2º Ano <input type="checkbox"/>	3º Ano <input type="checkbox"/>	4º Ano <input type="checkbox"/>
Indicador	Optimización de recursos			
Responsables	Todo o profesorado			
Recursos e materiais	Informes coordinacións entre o profesorado.			
Acción 2	Fomentar entre o alumnado actividades de investigación e busca de información			
	Temporalización			
	1º Ano <input type="checkbox"/>	2º Ano <input type="checkbox"/>	3º Ano <input type="checkbox"/>	4º Ano <input type="checkbox"/>
Indicador	Optimización de recursos. Mellora da competencia Aprender a aprender			
Responsables	Todo o profesorado			
Recursos e materiais	Ordenadores con conexión, biblioteca e recursos de aula.			

Obxectivo: Mellorar os procesos de avaliación				
Acción 1	Avaliar sistematicamente o funcionamento do Centro e utilizar os resultados desa avaliación para orientar futuras actuacións.			
	Temporalización			
	1º Ano <input type="checkbox"/>	2º Ano <input type="checkbox"/>	3º Ano <input type="checkbox"/>	4º Ano <input type="checkbox"/>
Indicador	Avaliación do centro			

Responsables	Equipo directivo.			
Recursos e materiais	Cuestionario e infomes de seguimento.			
Acción 2	Conseguir que cada sector da Comunidade Educativa estea debidamente representado			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input type="checkbox"/>	3º Ano <input type="checkbox"/>	4º Ano <input type="checkbox"/>
Indicador	Representación de todos os implicados.			
Responsables	Equipo directivo e equipo específico			
Recursos e materiais	Ningún.			

Obxectivo: Mellorar as relacións con outras institucións				
Acción 1	Estimular as relacións do Centro con outras Institucións.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Beneficiarse da participación			
Responsables	Equipo directivo			
Recursos e materiais	Ningún			
Acción 10	Potenciar e facilitar as actividades de formación do profesorado para a súa aplicación práctica na aula.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Mellora da acción docente			
Responsables	Equipo directivo			
Recursos e materiais	Pfpp, charlas e ponencias.			

Obxectivo: Mellorar as experiencias e a competencia en conciencia e expresións culturais.				
Acción 11	Fomentar intercambios de experiencias educativas e/ou culturais			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Saídas didácticas			
Responsables	Titores/as			
Recursos e materiais	Transporte			

5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

A continuación, enuméranse os diferentes órganos de participación e coordinación que ten o centro por quen están compostos.

5.1. ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS

Son os que compoñen o Equipo Directivo: Director/a, xefe/a de estudos e secretario/a.

Realizarán un traballo sistemático e coordinado entre eles para favorecer a convivencia e a participación de toda a comunidade educativa, concretando a planificación e xestión das actividades contempladas no PXA.

5.2. ÓRGANOS COLEXIADOS

- **Claustro**

- **Consello Escolar:** dentro deste están creadas as seguintes comisións:

- Comisión de convivencia escolar
- Comisión económica
- Comisión de Igualdad

Así mesmo, contamos con representación da ANPA.

A composición dos órganos de goberno colexiados reflíctese ao inicio de cada curso na PXA.

Os órganos colexiados reuniranse preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre, máis dúas sesións extraordinarias de principio e fin de curso e sempre que os convoque o seu presidente ou o solicite 1/3 dos seus membros.

5.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

- Na PXA concréntanse as titorías e os membros que forman cada equipo de coordinación docente segundo o claustro de adscrición funcional de profesorado que se celebra ao comezo de cada curso.

- Titor/a: será o mestre/a que imparte o maior número de horas nesa titoría, designado pola dirección, a proposta da xefatura de estudos, segundo a lexislación vixente.

- Equipo de ciclo/nivel: profesorado que imparte clase ao mesmo grupo de alumnado. Reuniranse alo menos unha vez por trimestre, nas xuntas de avaliación, así como as respectivas reunións mensuais de coordinación, ás cales asistirá o Departamento de Orientación.

- Departamento de Orientación. As reunións do DO serán trimestrais máis as extraordinarias de principio de curso e sempre que o solicite 1/3 dos membros ou os convoque o presidente.

- Comisión de coordinación pedagóxica. Reunirase mensualmente

- Equipo de coordinación de centro plurilingüe: reuniranse cunha periodicidade semanal, unha das mestras de lingua estranxeira, segundo a adscrición de principio de curso será a responsable da coordinación da auxiliar de conversa.

- Tamén están constituídos os seguintes equipos de dinamización: lingua galega, biblioteca, TICs, actividades complementarias e extraescolares. Reuniranse mensualmente.

5.4. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS

Na PXA recóllese a composición desta asociación que se encarga do Plan Madruga e das actividades extraescolares de tarde. A organización temporo-espacial destas actividades tamén se reflicte cada ano na PXA.

De ser necesario o uso do pavillón terán que solicitalo ao Concello de Vilagarcía de Arousa e para uso de espazos do colexio, seguirase o protocolo de utilización de espazos do colexio por parte de asociación/organización/...

A directiva da ANPA leva a cabo reunións periódicas seguindo a súa programación.

Ademais convoca reunións para todas as familias a través de circulares que se entregan á totalidade do alumnado.

6. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

PROXECTO EDUCATIVO	Responsables da elaboración	Data Aprobación	Próxima revisión
Proxecto educativo (este documento)	Equipo directivo		Xuño 2023
Concreción curricular	CCP Claustro Departamentos	En proceso	
Plan Xeneral de Atención á Diversidade	Depto. Orientación	30/06/2020	
Plan acción Titorial	Depto. Orientación Titores		
Normas Organización e Funcionamento	Equipo directivo Profesorado	13/11/2020	
Plan de convivencia	Comisión Convivencia	13/10/2020	
Proxecto Lingüístico	Equipo dinam. Lingua galega		
Plan de igualdade	Dirección Comisión Convivencia	En proceso	
Proxecto Lector	CCP		

	Profesorado		
Plan Biblioteca	Coordinador Biblioteca Equipo de apoio		
Plan Integración das TIC (educación dixital)	Equipo de dinam. TIC		
Promoción estilos de hábitos saudables	Equipo Específico		
Plan innovación e formación permanente do profesorado.	CCP Equipo directivo		
Plan Autoprotección-Plan evacuación	Equipo directivo Profesorado		
Programa colaboración e participación familias	Equipo directivo ANPA		
Participación programas institucionais	Equipo directivo		

7. AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO

O PEC é un documento avaliabile e suxeito a melloras, como resultado das propostas do traballo en equipo. Os cambios iranse reflectindo nos anexos á PXA e serán avaliados nas Memorias finais anuais.